



Colexio profesional de  
enxeñaría técnica en  
informática de Galicia

# Memoria anual 2020

## Táboa de contido

1	ÓRGANOS DE GOBERNO.....	3
a)	Asemblea Xeral.....	3
b)	Xunta de Goberno .....	3
c)	Presidente.....	4
i.	Reunións e representación.....	4
2	MEMBROS DO COLEXIO .....	5
a)	Movementos de colexiados e colexiadas .....	5
b)	Cota colexial.....	7
3	TRABALLOS PROFESIONAIS .....	7
a)	Corpo Oficial de Peritos.....	7
4	QUEIXAS E RECLAMACIÓNS .....	8
5	SANCIÓNS.....	8
6	SERVIZOS AOS COLEXIADOS/AS .....	8
a)	Bolsa de traballo.....	8
b)	Formación.....	8
c)	Seguro de responsabilidade civil (RC).....	8
d)	Visados .....	8
e)	Convenios de colaboración .....	9
7	ACTIVIDADES.....	10
a)	V Scratch Day .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
b)	Curso de tratamento e análise de evidencias dixitais .....	10
c)	Campaña de sensibilización sobre a presenza de mulleres en informática.....	11
d)	IX Xornada de Informática Xudicial e Delitos Informáticos. #IURISTICGAL19....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
e)	Charlas sobre informática forense.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
8	PROXECTOS .....	12
a)	CEPRAL .....	12
b)	Plan Proxecta. Aprendo Programando.....	12
9	O COLEXIO NOS MEDIOS.....	14
10	INFORMES ECONÓMICOS .....	15
a)	Gastos.....	15
b)	Ingresos .....	16
c)	Resultado económico .....	16

Esta Memoria resume as distintas actuacións do Colexio, da súa Xunta de Goberno e demais Comisións de Traballo desenvolvidas durante o ano 2020 así como a información sobre os temas de maior importancia. Debido á situación de pandemia vivida a partir do mes de marzo derivada do COVID-19, a actividade do Colexio viuse drasticamente reducida en comparación con exercicios anteriores.

## 1 ÓRGANOS DE GOBERNO

Os órganos de representación, desenvolvemento normativo, control, goberno e administración do Colexio son:

- Asemblea Xeral
- Xunta de Goberno
- Presidente

### a) Asemblea Xeral

É o órgano supremo de expresión da vontade do colexio, está formada por todos/as os/as colexiados/as con igualdade de voto, e adopta os seus acordo polo principio maioritario e en concordancia cos estatutos do Colexio.

No ano 2020 tivo lugar unha Asemblea Xeral en convocatoria ordinaria.

- O 23 de xullo tivo lugar a Asemblea onde se trataron as seguintes cuestións:
  - Aprobouse a memoria anual do Colexio do ano 2019
  - O presidente do Colexio fixo un repaso das actividades realizadas dende a Asemblea do 2019
  - Presentáronse e aprobáronse as contas do ano 2019
  - Presentouse e aprobouse o orzamento elaborado pola Xunta de Goberno para o ano 2020

### b) Xunta de Goberno

É o órgano executivo e representativo do colexio. Asume a dirección e administración do Colexio segundo o establecido nos estatutos que nos rexen. Os seus membros son elixidos por votación. A duración dos cargos é de catro anos.

A Xunta de Goberno do Colexio no ano 2020 está composta por:

- **Presidente**, Marcos Jaime Mata Mansilla
- **Secretario**, Juan Luis Miguéns Ramos
- **Tesoureira**, Anxos Cabado Lourés
- **Vicesecretario**, Miguel Abal González\*
- **Vogal**, Pablo Belay Fernández
- **Vogal**, Isaac Castro Fuentes
- **Vogal**, Carlos Vila Martínez

\* A 12 de maio, Miguel Abal González presenta a súa renuncia como membro da Xunta de Goberno. Dende aquí queremos recoñecer a gran labor realizada por Miguel Abal, quen de xeito ininterrompido levaba formando parte das distintas Xuntas de Goberno, exercendo cargos dende a vogalía até a vicepresidencia, dende a posta en marcha do CPETIG no ano 2007.

Os integrantes da Xunta de Goberno non se atopan en situación de incompatibilidade ou de conflito relativos ao seu cargo.

A Xunta de Goberno dispón dunha lista de correo onde se trata, debate e coordina o traballo diario do Colexio. Ademais durante o 2020 leváronse a cabo as seguintes 3 sesións de Xunta de Goberno:

- 01/2020 do 26 de febreiro
- 02/2020 do 11 de maio
- 03/2020 do 22 de xullo

## c) Presidente

O presidente exerce a representación do Colexio e dos seus órganos deliberantes e xestiona os asuntos deste ante autoridades e entidades públicas ou privadas.

### i. Reunións e representación

Estas son algunhas das reunións presenciais e representacións realizadas polo presidente ou o membro da XG en quen delegou, ao longo do ano 2020:

Data	Asunto da reunión	Asistente
25/06/2020	Reunión Padroado fundación CITICG	Marcos Mata
19/09/2020	Asemblea Unión Profesional de Galicia	Anxos Cabado
19/12/2020	Asemblea Unión Profesional de Galicia	Anxos Cabado

## 2 MEMBROS DO COLEXIO

Poden ser membros do Colexio, colexiados/as, as persoas que estean en posesión do título oficial de enxeñaría técnica en informática ou diplomatura en informática, grao en enxeñaría informática ou títulos estranxeiros homologados, que desenvolvan actividades propias da profesión ou exerzan funcións ou cargo en razón dos devanditos títulos con domicilio profesional en Galicia.

Tamén poden darse como pre-colexiados/as as persoas que estean cursando estudos dun título colexiable. O/a pre-colexiado/a ten todos os dereitos dos/as colexiados/as, agás:


- Posibilidade de participación en órganos de goberno.
- Voto nas asembleas.
- Aqueles que para a súa utilización requiran da posesión da titulación.

### a) Movementos de colexiados e colexiadas


Durante o ano 2020 solicitaron a alta no Colexio tres persoas, unha muller e dous homes. Producíronse cinco baixas.

O número de colexiados/as e pre-colexiados/as a final de ano foi de 146.


No seguinte gráfico pódese ver a distribución de persoas que pertenceron ao Colexio nos últimos anos en función do seu domicilio:



No seguinte gráfico obsérvase a distribución por xénero dos últimos anos.



No referente á distribución por idade dos colexiados e colexiadas, a media sitúase nos 42 anos.



## b) Cota colexial

Co pago da cota colexial para colexiados e colexiadas establecida en 100€ anuais, accédese aos servizos do Colexio. Os pre-colexiados e pre-colexiadas non teñen cota anual. Os/as colexiados/as en situación de desemprego teñen unha redución da cota colexial do 100%. A colexiación de recén titulados/as gozan dun desconto do 50% da cota anual durante o seu primeiro ano de titulación.

O cobro da cota colexial está dividida en dous pagos nos meses de xaneiro e xullo. A Asemblea Xeral do ano 2017 aprobou a posibilidade de que os colexiados e colexiadas soliciten un único pago da cota anual beneficiándose dun desconto do 10% sobre a cota establecida.

A cota colexial distribúese nos seguintes conceptos e importes:

Concepto	Custo
Infraestrutura básica do Colexio: Custos da sede, secretaría, comunicacións, portal web, asesoría contable, asesoría xurídica, seguros, gastos financeiros	60 €
Servizos ao colexiado: Gastos de representación do colexio e da profesión; servizo de comunicación a colexiados, titulados e á sociedade.	Entre 24 e 28 €
Cota do Consello Xeral (variación anual) e Unión Profesional de Galicia	Entre 12 e 16 €

## 3 TRABALLOS PROFESIONAIS

### a) Corpo Oficial de Peritos

O Corpo Oficial de Peritos (COP) do Colexio é un servizo que ten por obxecto facilitar aos/ás colexiados/as a súa actuación profesional en periciais informáticas de calquera organismo ou entidade pública ou privada ou persoa física ou xurídica que requira estes servizos, incluíndo os organismos do poder xudicial.

O listado de integrantes do COP renóvase anualmente. No ano 2020 o COP integrábanos 10 colexiados/as.

Durante o ano 2020 asignáronse 9 traballos profesionais a membros do COP.

O Colexio ten asinado dende novembro de 2013 un convenio coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a prestación de asistencia pericial á Administración de Xustiza. En base a este convenio, o Colexio, a través do COP, presta asesoramento e ditame pericial nos procedementos penais nos que se requira por parte do xuíz ou tribunal a proba pericial de oficio ou a pedimento do Ministerio Fiscal ou cando a proba fose acordada a solicitude dun beneficiario de asistencia xurídica gratuíta, así como cando se acordase, en procedemento de calquera orde xurisdiccional, polo xuíz de oficio ou a pedimento do Ministerio Público en beneficio de menores abandonados ou persoas incapaces ou desvalidas ou fose acordada polo xuíz a solicitude dun beneficiario de asistencia xurídica gratuíta.

Dos traballos realizados polos integrantes do COP, que deron conta ao Colexio, os 9 están baixo o convenio asinado coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o cal establece un prezo máximo a cobrar por cada traballo que se realiza. En base a isto, non se dispoñen de datos para elaborar unha estatística sobre prezos libres aplicados polos peritos nos seus traballos profesionais.

## 4 QUEIXAS E RECLAMACIÓNS

Durante este ano non se presentaron queixas ou reclamacións por clientes, usuarios dos servizos nin de colexiados ou colexiadas.

## 5 SANCIONES

Durante este ano non se tramitou ningún expediente sancionador.

## 6 SERVICIOS AOS COLEXIADOS/AS

### a) Bolsa de traballo

Este é un servizo de axuda aos colexiados e ás colexiadas no que se publicou ao longo do ano 1 oferta de traballo dirixida directamente a profesionais da enxeñaría técnica en informática a través do Colexio.

### b) Formación

A formación continua dos colexiados e colexiadas é unha das actividades prioritarias do Colexio. No apartado de actividades pódense ver as distintas accións dirixidas á formación dos/as colexiados/as. Ademais das actividades organizadas polo Colexio, chéganse a acordos con outras entidades para que os colexiados e colexiadas poidan acceder a accións formativas en condicións preferentes.

### c) Seguro de responsabilidade civil (RC)

Co obxecto de dotar dunha maior seguridade ás actuacións profesionais dos colexiados e das colexiadas, o Colexio adheriuse a unha póliza de seguro de responsabilidade civil profesional subscrita polo CONCITI, cuxo obxectivo é cubrir as posibles reclamacións de responsabilidade civil efectuadas por terceiros aos colexiados e colexiadas por danos materiais, persoais e prexuízos patrimoniais causados por erro ou falta profesional cometidos no exercicio da súa actividade como enxeñeiro/a técnico en informática.

Este seguro é de subscrición voluntaria, e o Colexio financia o 50% da prima básica anual aos colexiados e colexiadas que subscriban a póliza.

Contar cunha póliza de RC é requisito imprescindible para pertencer ao Corpo Oficial de Peritos do Colexio.

### d) Visados

Os visados son de carácter voluntario, isto non impide que un cliente esixa o visado colexial sobre un traballo non obrigado por lei a ser expedido, se iso lle aporta unha seguridade adicional á que lle poidan proporcionar outros medios (normas de calidade, seguros, certificado dunha entidade de certificación e control, etc.).

O CPETIG ten subscrito un convenio de colaboración co Colexio de Enxeñaría Técnica en Informática do Principado de Asturias (CITIPA) polo que o seu corpo de visadores ofrecerá este servizo aos membros do CPETIG. Os honorarios polo servizo de visado son os que establece o CITIPA para os seus colexiados. É de obrigado cumprimento para empregar este servizo observar o seu propio regulamento de visados.

Durante o ano 2020 non se realizaron visados dos traballos de colexiados/as do CPETIG.



## e) Convenios de colaboración

Co fin de que os colexiados e colexiadas poidan gozar de vantaxes en servizos e produtos, o Colexio ten asinados acordos de colaboración con distintas entidades, como poden ser:

- Desconto do 25% nos servizos dun bufete de avogados
- Recepción da revista tecnolóxica “Código Cero”
- Acceso en condicións vantaxosas a produtos financeiros
- Prezos especiais na contratación de seguros médicos
- Desconto en axencias de viaxes e actividades de lecer...

## 7 ACTIVIDADES

As actividades do Colexio durante o ano 2020 encádranse dentro do convenio de colaboración asinado coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia. Diversas actividades que estaban programadas non se puideron levar a cabo debido á situación xerada pola pandemia do COVID-19

As actividades realizadas foron as seguintes:

### a) Curso “O Día a Día do DPD – Delegado de Protección de Datos”

Data:	<b>19,20,26 e 27 de xuño</b>
Lugar:	<b>Formación en liña</b>
Duración	<b>16 horas</b>

Actividade encadrada no convenio coa AMTEGA.

Un dos principais obstáculos aos que se enfrenta o Delegado de Protección de Datos (DPD) é a ausencia de documentación previa xa que se trata dunha figura de nova creación. Esta nova figura necesita, para enmarcar e reportar as súas actuacións, poder contar cun importante soporte documental. Ademais, necesita dispoñer de respostas a numerosos e variadas situacións prácticas que se expoñen no seu día a día.

Neste taller expuxéronse situacións reais do día a día desta nova profesión e achegóuselle ao alumnado solucións prácticas ante esas situacións.

Entre os diferentes obxectivos que se pretenderon acadar con estas xornadas formativas atopábanse:



**CURSO ONLINE**  
**O día a día do DPD** Delegado de Protección de Datos

**XUÑO**

VIÑES <b>19</b> 16:30h - 20:30h	SÁBADO <b>20</b> 09:30h - 13:30h	VIÑES <b>26</b> 16:30h - 20:30h	SÁBADO <b>27</b> 09:30h - 13:30h
---------------------------------------	--	---------------------------------------	--

MÁIS INFORMACIÓN  
www.cpetig.gal  
curso: da-diadadp@cpetig.gal

IMPORTE: 0€  
ORGANIZA: CPETIG  
COLABORA: XUNTA DE GALICIA

- Determinar os roles e responsabilidades do DPO
- Nomeamento do DPO: pasos a seguir e temas a abordar
- Funcións do DPO
- Xestión documental
- Achegar materiais e casuísticas prácticas de axuda aos profesionais que desempeñan a súa función como DPD ou que queiran desempeñar esta función.
- Coñecer os instrumentos para a xestión documental das tarefas derivadas das funcións asignadas ao DPD, conforme

ao principio de accountability ou “rendición de contas”.

## b) II Campaña de sensibilización sobre a presenza de mulleres en informática

Datas:	<b>Gravación realizada no mes de outubro</b>
Lugar:	-
Duración	-

Actividade encadrada no convenio coa AMTEGA.



A campaña responde ao obxectivo de concienciar e incentivar o número de mulleres matriculadas en graos universitarios relacionados coa enxeñaría informática, considerando que a elección profesional debe realizarse en liberdade, por vocación e superando determinados clixés que pesan sobre a Informática.

Con ese propósito, a idea creativa se basea na experiencia de 4 mulleres galegas, de diferentes xeracións, idades e vocacións, que decidiron facer da informática a súa carreira profesional.

O formato elixido permite a súa difusión en redes sociais, para o que se incluíu tamén un banner de promoción, así como a proxección en centros escolares.

### Obxectivo

- **Principal:** 16-22 poboación feminina

Mulleres galegas de entre 16 e 22 anos de idade, que están nun momento clave no que pensan e deciden a súa formación académica: que grao universitario cursar. Nisto inflúen moitas variantes, entre as que os estereotipos de xénero están moi presentes.

- **Secundario:** 16-50 poboación masculina e feminina

Ampliamos o público obxectivo a mulleres e homes galegos de entre 16 e 50 anos de idade, dando así cabida a pais, nais e outros familiares e membros do entorno que axudan ás mozas nesta importante decisión.

## 8 PROXECTOS

### a) CEPRAL

O sistema de certificación da experiencia profesional para recoñecementos académicos e laborais (CEPRAL) está xa consolidado no CPETIG e permite aos interesados, titulados ou non, certificar a súa experiencia profesional en actividades propias das enxeñarías en informática, se ben, a posesión dun título de enxeñaría ou enxeñaría técnica en informática é considerada como un factor de valoración relevante, e os niveis máis altos de certificación só de poden obter cun título universitario. O sistema foi posto en marcha inicialmente polo Colexio de Enxeñaría Técnica en Informática de Cataluña (COETIC), co cal o CPETIG chegou a un acordo para a súa implantación no noso Colexio.

Os principais fins destas certificacións, son facilitar por medio da experiencia profesional demostrada, o acceso a melloras laborais e á obtención de validacións académicas. Para isto último, o Colexio está en contacto coas tres universidades galegas, co fin de que acepten os certificados CEPRAL emitidos polo CPETIG para o seu sistema de recoñecemento académico da experiencia profesional aos estudantes das enxeñarías informáticas.

No ano 2020 tramitáronse 34 solicitudes de certificación CEPRAL e emitíronse 14 certificados.

### b) Plan Proxecta. Aprendo Programando

O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.

O CPETIG participou por cuarto ano no Plan Proxecta co programa denominado “Aprendo Programando”. A presentación deste plan xustifícase pola crecente utilización das novas tecnoloxías por parte da infancia e da adolescencia e a súa integración dentro do sistema educativo representan un punto de reflexión que se deba ter moi en conta na sociedade actual. A ensinanza en idades temperás ten un uso inmediato e directo na consecución da competencia dixital, non co obxectivo de converter o alumnado en programadores expertos, senón de facilitarlles competencias que lles serán útiles para enfrontarse aos seus retos persoais, académicos e posteriormente profesionais.

Este plan presentaba como obxectivos específicos:

- Para o alumnado:
  - Entender o pensamento lóxico e os fundamentos da programación.
  - Desenvolver métodos para solucionar problemas de xeito sistemático, metódico e ordenado.
  - Desenvolver o hábito de autoavaliar e coavaliar o seu traballo e establecer modificacións para melloralo.
  - Ter a posibilidade de obter resultados complexos a partir de ideas simples.
  - Traballar de forma autónoma e ao seu ritmo, en función das súas capacidades e intereses.
  - Aprender a realizar traballo colaborativo a través do intercambio de coñecemento.

- Para o profesorado:
  - Introducir a programación como recurso na aula para a mellora da capacidade do alumnado nos temas que se van tratar.
  - Ofrecer flexibilidade para crear leccións conceptuais de xeito visual, que axuden na comprensión de conceptos.
  - Crear xogos, cuestionarios e tutoriais para interactuar co estudante.
  
- Para o resto da comunidade educativa
  - Avanzar na comprensión da efectividade e o deseño das TIC para mellorar o aprendizaxe nos centros educativos.
  - Ampliar as oportunidades de entrar no mundo do deseño e desenvolvemento de aplicacións grazas ás novas tecnoloxías.

## 9 O COLEXIO NOS MEDIOS



### A Enxeñaría Técnica en Informática ponse a disposición do Goberno na loita contra o COVID-19

venres, 3 de abril do 2020 / S. P.

O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñaría Técnica en Informática, no que se integra o colexio galego CPETIG, puxo a disposición do Goberno a todos os seus titulados, profesionais altamente cualificados, en ámbitos propios da dita enxeñaría técnica, tales como ciberseguridade, computación, sistemas informáticos, *Big Data*, Intelixencia Artificial, *Blockchain*, Internet das Cosas (IoT) e outros moitos eidos relacionados coa materia como é o desenvolvemento de Tecnoloxías de Información.



O galego Marcos Mata, ex presidente do CONCITI e principal responsable do CPETIG, saudando ao presidente actual do CONCITI, Eduardo Peris, durante a pasada renovación da directiva

O devandito ofrecemento, en palabras de Eduardo Peris, presidente do CONCITI, pon de manifesto "a necesidade de ofrecer, nun estado de emerxencia nacional como o que estamos a vivir, derivado da pandemia de COVID-19, unha rede de profesionais de altísimo valor nun intre no que todos os sectores produtivos deben traballar xuntos". Segundo engade Peris, "hai que lembrar que a tecnoloxía está a desempeñar un papel fundamental en beneficio da sociedade para facer fronte ao coronavirus", e por iso o Consello Nacional reitera a súa disposición a contribuir en todas as medidas nas que poida ser de utilidade".



### O CPETIG abre o prazo de inscrición do seu curso para profesionais da protección de datos

mércores, 3 de xuño do 2020 / S. P.

Este 3 de xuño abriu o prazo de inscrición para un curso do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG) que fará avanzar en coñecemento, operatividade e eficacia aos profesionais que se centren na protección de datos ou que se preparen para facelo. O curso *O día a día do DPD* conta coa colaboración da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA). O comezo está previsto para o 19 de xuño. Será impartido na modalidade *online* pola Asociación Española para a Calidade, AEC, está estruturado en catro sesións que se celebrarán as dúas últimas fins de semana de xuño, os días 19, 20, 26 e 27, en horario de venres pola tarde e sábados pola mañá. Os contidos do curso abordarán ao longo das catro sesións o principio de *accountability* no RGPD e a súa aplicación á figura do delegado de protección de datos (DPD); os primeiros pasos a seguir unha vez asumida a responsabilidade do nomeamento de DPD; as funcións do DPD e a xestión documental; para rematar con dous casos prácticos de gran actualidade, como son a intervención do DPD ante unha fenda de seguridade e as negociacións con interesados.



Novas - A Amtega e o Colexio de Enxeñaría Técnica en informática de Galicia abren o prazo de inscrición para un curso online dirixido aos delegados de protección de datos

mércores, Xuño 3, 2020 - 16:30

#### A Amtega e o Colexio de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia abren o prazo de inscrición para un curso online dirixido aos delegados de protección de datos

- Celebrarase as dúas últimas fins de semana de xuño en horario de venres pola tarde e sábados pola mañá
- O curso ofrece unha formación especializada para os profesionais que desempeñan a súa función como DPD ou que queiran exercer esta responsabilidade no futuro

Hoxe ábrese o prazo de inscrición para o curso "O día a día do DPD", que dará comezo o 19 de xuño organizado polo Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG) coa colaboración da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Amtega.

O curso, que será impartido na modalidade online pola Asociación Española para a Calidade, AEC, está estruturado en catro sesións que se celebrarán as dúas últimas fins de semana de xuño, os días 19, 20, 26 e 27, en horario de venres pola tarde e sábados pola mañá.

## 10 INFORMES ECONÓMICOS

A continuación móstranse os datos máis relevantes da situación económica do Colexio e un resumo dos gastos e ingresos agrupados por categorías.

### a) Gastos

O gasto total do Colexio durante o ano 2020 ascendeu a 29.894,93 €, repartidos nos seguintes conceptos:

Administrativos, XG, organización e devolucións .....	2.374,70 €
Servizos profesionais .....	4.383,34 €
Alugamentos e servizos de mantemento .....	1.310,00 €
Actividades e formación .....	16.277,33 €
Tributos e servizos bancarios.....	2.111,56 €
Gastos de asociación.....	3.438,00 €

## b) Ingresos

Os ingresos do Colexio durante o ano 2020 ascenderon a 33.018,22 €, procedentes dos seguintes conceptos:

Cotas a colexiados e colexiadas .....	14.034,21 €
Ingresos por facturación .....	1.831,65 €
Ingresos por formación.....	764,04 €
Ingresos por convenios.....	16.388,32 €

## c) Resultado económico

O resultado do exercicio 2020 mostra un balance positivo de **3.123,29 €** a falta de ingresar atrasos pola cantidade de 2.259,24 €

O CPETIG contaba cun saldo nas contas bancarias a 31/12/2020 de **42.407,37 €**